

O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO

Non podemos imaxinar que o ano que ven xa esteamos no instituto, aínda que deixemos atrás o colexio, deixámolo con moi bos recordos de todos os anos que pasamos aquí.

Parámonos a pensar e parece que foi onte cando empezamos o colexio. Lembramos que ninguén quería vir, todos chorábamos, a Iván ata o tivo que levar a “rastras” súa bisavoa! Álex tiña medo e dáballe patadas á profesora! E a Marcos súa nai o tiña que levar ata a clase! Antonio e Anxo recordan que viñan moi contentos ao cole.

A nosa profesora de infantil era María Jesús, recordámola con moito cariño. Cada día había un encargado diferente, que tiña que dicir a data, o tempo do día, o abecedario...

En 1º e 2º, a nosa mestra era Eugenia. Na clase tiñamos unha mesa chea de plastilina, e sempre facíamos cidades, coches, casas... e acabou mal, non tiña unha cor definida, entre morado, marrón e verde!

En 3º e 4º estivemos con Auri, era moi boa. Moitos compañeiros choramos cando ela marchou. Regalounos un pen drive con fotos nosas dende que estabamos en 3 anos.

En 5º o noso titor era Docal, o mellor deste curso foi o campamento Stem, pasou de todo alí... romperon camas, apareceron zapatillas no tellado, as sábanas de Alejandro as atopamos no tellado!

Este ano somos os maiores, e co que máis emocionados estamos é coa Excursión de Fin de Curso, que iremos a Madrid, e esperamos que sexa inolvidable. Esperamos que ninguén repita, porque xuntos facemos un gran equipo!

Ao longo destes anos no colexio, fóronse e viñeron amigos como: Raúl, Erick, Nerea, David, Leo... Este ano, temos unha compañeira nova, Celina, que viu de Alemaña pero fala moi ben español.

Agardamos que pasedes unhas boas festas e un feliz Ano Novo!!



Os nenos e nenas de 6ºA

Sumario

Presentámonos.....	4
O verme comillón.....	5
Obradoiro de teatro.....	8
O noso concello.....	13
Palabras do corazón	15
Proxecto: as estacións do ano.....	18
O proxecto LÓVA.....	21
Experiencias: robótica	28
Investigación: Os Celtas.....	32
Foi noticia: folga.	34
Samaín.....	35
Exaltación da mazá de Cariño.....	37
O Magosto	39
Resumo de actividades.....	41
Biblioteca	44
Saídas: piragüismo e vela en Cedeira	46



Presentámonos.



OS DISTINTOS TEMPOS DO COLE.



Alumnas e alumnos de E. Infantil 3anos.



Contos: O verme comillón.

O VERME COMILLÓN



UNHA NOITE UN OVIÑO
REPOSA SOBRE UNHA FOLLA




O DOMINGO POLA MAÑA
SAÍU DO OVIÑO UN VERME





LUNS



LM ESTELA

MARTES




EMLRRTSS

ELSA

ÑAM, ÑAM

MÉRCORES



MOLESQANES
MIÉRCOLES COMÍO
TRES CIRUELAS
SABELA

XOVES



SUEVES COMÍO
CUATRO FEJAS

NICO

VENRES

VERNES
COMÍO
FINCO NARA

AINOA



SÁBADO



SABADO
ELA

ÑAM

ELSADAD
VAR-IBA
DE

DOBR

ELEN






DOMINGO

AO DÍA SEGUINTE,
ERA DOMINGO OUTRA VEZ !!



CONSTRUÍU UNHA CRISÁLIDA



ADAY

ÁS DÚAS SEMANAS... NACEU UNHA...



5º DE EDUCACIÓN INFANTIL



Obradoiro de teatro

O ARDO
OBRADOIROS

O TAT
DE TEATRO
(DAREN)

ETSE QSO
ESTE CURSO
APENOS A FACETE
APRENDENDO OS MERCORES

ETACHIS
ESTAMPAS
ETEATO
NOS OBAOS (MARTÍN)
OBRADOIROS

APUITAS DQRDS FIT PN
APROVEITAMOS DECORADOS FEITOS POLO
ALUNADO DOS CURSOS ANTERIORES (CANDIA)



T NEN USAMS PPUP OU
TAMÉN PÑOS PLACASE (VERA)
QUE TIÑAMOS ROUPA
PFALS DISFRACES





AGUS COPANER OS DE ANOS
ATREBE A FACER O LOBO (FERNAN)
RONSE



HAI OS MOI VALENTES E AO
MOI BEN (SAMUEL) FANO



ESTE TRIMESTRE FAZEMOS
TEATRO NUNCA AULA (PKER)
NH

NO SEGUNDO TRIMESTRE
EMPECAREMOS A FAER NO
SALON DE ACTOS (ALEXANDRA)



NES ESTE TRIMESTRE DRAMATIZAREMOS
COCHTOS: (MANUEL)





A RIA
RATINA

RÉVINO (KAREN)
PRESUMIDA



OS ES
TRES

OS (VNERA)
OS

NO TEJO
TAO TERCEIRO
ON TEATRO

1 MET FEO
TRIMESTRE FAREMO
OS (CRISTINA)
MONI REGUES



PRIMEIRO FAROU A PROFE
CRISTINA ELOGO NO SILECIO

A BER COMO NOS SAE!!! (SABELA)





ESTAMOS FEITOS UNAS ARTISTAS!!! (HECTOR)
ESTAMOS ARTISTAS

NA NOS ESTA TROIIII
x4 NOS ESTAS TROIIII
TARDANDO (AFRICA)



HUGO

Alumnas e alumnos de E. Infantil 5anos.



O noso concello.

Música e festas en Cariño

Aos alumnos e alumnas de primeiro de primaria gústanos moito a música e sobre este tema emprendemos unha investigación para coñecer a tradición musical do noso pobo.

Coñecemos as festas que se celebran nas nosas parroquias:

En Cariño:

- Romaría de S. Xiao, de O Trevo, o último sábado de xaneiro. Romaría no entorno da antiga vila romana.
- As Angustias, o 1º domingo de xullo.



- O Carme, o 15 e 16 de xullo. Festa dos mariñeiros, cunha fermosa procesión marítima polos acantilados de Ortegal, e acompañamento da tradicional Danza de Arcos.
- San Bartolo. O 24 de agosto, que remata coa xira campestre en Cantalarrana.



Na Pedra:

- San Antonio, o 13 de xuño.
- Nosa Señora, o día 15 de agosto.
- A Milagrosa, 2º domingo de xullo na capela de Figueiroa,



En Feás:

- San Pedro, o 29 de xuño.
- Os Remedios, o 2º domingo de setembro.

En Sismundi:

- O Carme, o 1º domingo de agosto.

En Landoi:

- Santiago, o 25 de xullo. Patrón da parroquia e o día de Galicia.





Preguntamos ás familias como se vivían antigamente estas festas e as respostas estiveron encamiñadas nunha mesma liña:

- As festas eran na praza da Pulida e eran moi familiares. Unha vez veu Xoán Pardo e cantou unha canción moi especial " Miña terra Galega". Viñan orquestras moi importantes coma os senadores.
- Antigamente as festas eran máis familiares. Nas romarías xuntábase toda a familia para pasar un día de campo xuntos. En Cariño a orquestra que máis veces estivo foron os senadores. As festas máis importantes eran e seguen sendo " As angustias", "O día do Carme" e "San Bartolo".
- No inverno ían ás salas de festas e no verán había festas de campo. Bailaban dúas rapazas e viñan dous rapaces e pedíanlles si querían bailar; as orquestras eran máis ou menos como agora.
- Antigamente había unha sala de festas "A Solana" e o "Bahía" era un salón de baile.
- As orquestras que máis visitaron o noso pobo foron : Os Titanes, Os Belteers variedades, Bellas Farto, Lamas la Piña, Poceiro, Los Satélites, Sintonia de Vigo...

Actualmente coñecemos grupos como: Alviés, Os Zulettes, grupo de gaitas San Xiao do Trevo, A rondalla, A batucada, A coral....



E para nós aprender guitarra, gaita, piano, baixo, canto, percusión tradicional e música e movemento contamos con....



Alumnas e alumnos de primeiro.



Palabras do corazón.

SAQUEMOS O MELLOR DE CADA PERSOA!!!

O día dos dereitos da infancia, pensamos moito na forma en que viven moitos nenos e nenas do mundo. Visitamos a exposición fotográfica e xurdiron moitas preguntas, chegando á conclusión de que somos moi afortunados por vivir coas nosas necesidades básicas cubertas, e ter familia e amigos que nos queren e cuidan.

DEBEMOS ESTAR AGRADECIDOS!

Non é así en tódolos lugares do mundo, case sempre por guerras ou conflitos entre os países...

GRAZAS, VIDA!

Sen darnos conta viñeron á nosa boca palabras poderosas que saían do corazón e resultaban conmovedoras.

Púxemonos mans á obra e fixemos uns cartéis moi chulos.





Todos e todas temos dereito a sobrevivir en boas condicións e a desenvolver os nosos talentos naturais coa axuda da educación. Talentos científicos ou talentos artísticos...

O proxecto de centro da nosa escola, tamén esconde una palabra fermosa e poderosa:

en Cariño + arte = **ENCARIÑARTE**

A arte sacará o mellor de cada nena e de cada neno desta escola.

A arte ten un enorme poder para cambiar o mundo.





Vales moito! *Sempre adiante*

QUE RIQUIÑO!

Eres única!

Confía en ti!

Escoita o teu corazón

Eres un sol!

Sé amable!

A VIDA É FERMOUSA

Respecta dos maiores

Practica bos modais

Equivócate e aprende

Canta!

Valora ás persoas

Mira o mar!

Fala con cariño

Cultivate

Baila!

Esfórzate!

Di o que sentes

Disfruta coa familia

Aprecia a natureza

Ri!

Escribe cousas fermosas

Di o que pensas

Resolve problemas

Sé solidario

Cúidate

Non flaqueeas

· Alumnas e alumnos de 2ºA



Proxectos: as estacións do ano.

Os rapaces e raparigas de 3^o quixemos facer un proxecto sobre as estacións do ano, e para este numerada revista imos presentar o outono e o inverno, coas súas particularidades, vistas desde a nosa perspectiva. O máis destacable das estacións son os cambios no clima que afectan á flora e á fauna dos lugares, de feito vemos que non atopamos as mesmas animais e as mesmas plantas se saímos a pasear no inverno ou no outono. Por outra lado tam pouco vestimos da mesma maneira, nin comemos os mesmos alimentos. A nivel emocional e de sentimentos tamén atopamos diferentes segun a estación do ano na que nos atopamos, así o outono parece que supón unha parte, un momento de cambio no que o humor e o estado de ánimo tamén son variables e presentan momentos positivos e negativos.










O inverno adaita ser pola súa parte a estación máis fría e isto sucede tamén a nivel emocional, a parecen os peores estados anímicos.

As días esteións, tanto en outono como en inverno, son estacións con pouca luz e quizáis iso afecte ao noso cerebro. Pero non desesperemos... despois destas vénen a primavera e o verán, das que xa lles falaremos, pero iso si teñen moita máis luz!



Alumnas e alumnos de terceiro.



O proxecto LÓVA

O PROXECTO LÓVA EN 4º DE E. PRIMARIA

Este curso o alumnado de cuarto de educación primaria pasa a formar parte da familia LÓVA (a Ópera como Vehículo de Aprendizaxe).

Nas sesións LÓVA realizadas na Biblioteca do centro (principalmente), traballamos as emocións, a imaxinación, o traballo en equipo... a través de múltiples e variadas dinámicas, retos, xogos, etc.

Como di a canción coa que rematamos as sesións todos os días, "Olelé", remaremos xuntos!

Polo momento, podemos dicir que imos ben encamiñados, e... que xa temos nome!!

NUBE COMPANÍA DE ÓPERA será a compañía que a final de curso vos amosará a súa representación musical. O nome e logo elixido ten a súa explicación: cada gotiña da nube é unha ideña de cada un dos membros da compañía.




Para axudarnos a coñecer as profesións que compoñen unha ópera, tivemos moitas visitas, que agradecemos moito e nos ensinaron a aprender sobre o traballo que realizan: Moitas grazas a Mario, Inés, Marina, Álvaro, Linda, Ana, Eduardo, Pepablo e Montse!!

Aquí tedes as nosas reflexións LÓVA:



"A experiencia LÓVA paréceme moi chula, encántame!
O que máis me gusta son as dinámicas.
Gustariame conseguir que triunfemos no escenario". David




"Paréceme moi divertido; facemos moitas dinámicas, xogos e veñen a facernos visitas.
O que máis me gustou foi a dinámica dos ollos vendados". Noel






"É moi divertido e interesante, sobre todo nas dinámicas. Gústame cando veñen visitas e as dinámicas. Gustaríame conseguir que fomos unha gran ópera". Paula



"A experiencia LÓVA parécese moi chula. Gústame moito e o que máis, as dinámicas. Gustaríame ser máis tranquilos e non molestar". Adrián




"LÓVA é moi divertido, sobre todo as dinámicas, como a da alfombra. Gustaríame conseguir unha ópera divertida e que lle encante ao público". Noa



"Esta experiencia parécese divertida. O que máis me gusta son as dinámicas. Gustaríame conseguir unha ópera excelente!". Alejandra



"A experiencia en LÓVA para min é moi boa e divertida. Gústame moito porque facemos dinámicas graciosas e divertidas, xogamos cos nosos compañeiros e aprendemos moitas cousas. O que máis me gusta é que estamos todos xuntos, 4ºA e 4ºB, e iso gústame porque facemos amigos/as. Gustaríame conseguir que as profes non nos teñan que avisar por falar ou interrumpir aos demais compañeiros". Adriana





"LÓVA é moi divertido, porque axúdanos a escoitar e o que máis me gusta é que aprendemos moitísimo facendo xogos con todos os demais, coma se fósemos unha gran familia. Gustaríame ser a mellor compañía do mundo enteiro". Iván

"Cando me dixeron que tiña LÓVA emocióname moitísimo, porque creo que é unha experiencia inolvidable e moi bonita. Encántame porque facemos dinámicas, xogos e retos mentres aprendemos. Gústame todo en xeral: os xogos, as dinámicas... Gustaríame conseguir unha ópera moi bonita. Penso que é unha forma moi divertida de aprender". Saray




"LÓVA é interesante. As dinámicas e os retos son interesantes. Encántame LÓVA". Noel



"En LÓVA pasámolo xenial e aprendemos moito. Gústame facer as dinámicas e os retos. Creo que conseguiremos ser unha boa compañía.". Sabela



"LÓVA paréceme interesante. Gústame conseguir as dinámicas". Martín





"A min paréceme que LÓVA é moi divertido. O que máis me gusta son as dinámicas. Creo que os compañeiros de 4ºA e 4ºB podemos chegar a facer unha gran actuación". Xoel



"Gústame moito porque traballamos as dúas clases xuntas e nos veñen a visitar rapaces e rapazas que van á universidade, ensinannos moitas cousas e estamos moi atentos. Todo vai ben porque as profes esforzanse moito para que veñan a LÓVA esas persoas. É unha experiencia fantástica". Unai

"Paréceme moi divertida, sobre todo polas dinámicas. Cando son "remeira" gústame ensinar os meus novos xogos. Temos un depresores para mirar si estamos comprometidos co noso proxecto LÓVA". Mara




"O proceso LÓVA paréceme esencial para as clases de 4º, pois aínda non sabemos traballar en grupo: Facemos un montón de dinámicas e aprendemos un montón de cousas. Non entendo como hai nen@s que non aprecian que nos tocara ás clases de cuarto. Hai que comprometerse, comportarse e aportar ideas. Estou segura que se facemos todo iso vamos a triunfar. Encantárame inventar dinámicas, ser intérprete, pero tod@s imos a participar e iso é o importante. Non hai nada máis que dicir de Lóva, só... "ÁNIMO LÓVA". Melisa





"Gústame LÓVA porque nos damos ánimos uns a outros e tod@s somos amigos. Facemos moitas dinámicas, sempre poñemos o noso remo no centro e temos que comprometernos e coidarnos". Andrés



"Paréceme unha clase moi divertida, gústame moito asistir, aínda que haxa algún que outro problema para chegar. Sempre facemos retos e dinámicas moi divertidas e temos tres depresores: o verde-bo, o laranxa- medio e o vermello- mal. Gustaríame facer máis retos e menos dinámicas e así quedaríamos e así estaremos iguais: 50% dinámicas e 50% retos". Pedro M.



"A mín paréceme moi ben porque as dinámicas que facemos son moi bonitas. En LÓVA as dinámicas e os retos dirixenas os remeiros moi ben. Tamén temos un depresor verde, outro laranxa e outro vermello. Se estamos comprometidos eliximos o verde, si estamos un pouco comprometidos eliximos o laranxa e se non estamos preparados debemos elixir o vermello. Eu sempre me comprometo. E o que me gusta de todas as sesións é a canción do final." Olelé". Vania



"Gústame LÓVA porque facemos unhas dinámicas moi divertidas que nos ensinan a traballar en equipo. Tamén me gusta moito que haxa remeiros porque son como capitáns. Gustaríame facer máis dinámicas fóra da aula e tamén facer coma unha especie de xogos". Marcos





"Nas sesión LÓVA paso moi ben e moi divertido. As dinámicas, ás veces, resultanme divertidas e outras veces, non.". Cristina

"LÓVA paréceme xenial porque facemos dinámicas super chulas e nos ensina que se deben facer cousas boas e non malas. Viñeron uns rapaces e rapazas a ensinarnos as profesións. agora estamos elixindo as personalidades dos personaxes. Gustaríame facer moitos máis retos e tamén máis reflexión". Andrea



"Encántame LÓVA porque facemos dinámicas moi divertidas e case todos os días nos comprometemos. O que máis me gusta facer en Lóva é o "reto da alfombra", a do quentamento coas palmas e a dinámica de Zip-zap-bop". Uxue




"A min LÓVA paréceme moi boa idea porque aprendemos a traballar en equipo, facemos moitas dinámicas divertidas, pero isto é moi serio. Agora temos uns depresores cos nosos nomes, son verdes, laranxas e vermellos, segundo nos comprometamos". Pedro-A.





"LÓVA parece moi interesante e estámolo conseguindo. Facemos dinámicas moi divertidas nunha clase onde estamos tod@s xunt@s. Gústame porque estamos conseguindo o que queremos, cada vez facémolo mellor. Con Lóva encanteríame conseguir emocionar ao público". Nahia



"LÓVA é divertido porque facemos dinámicas e retos. É unha boa maneira de aprender". Alexandre



Nube Compañía de Ópera infórmavos: Temos un blogue!

- Podes atoparnos na páxina web do colexio (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/>), no apartado "Blogs": NUBE COMPAÑÍA DE ÓPERA
- Ou directamente: <https://nubecompa.blogspot.com>

Alí verás imaxes do noso proxecto; esperamos que vos gusten!!




Alumnado de 4ºA e 4ºB



Experiencias: robótica

ÁREA DE ROBÓTICA (4º E 6º DE E.P.)

O alumnado de 4º e 6º de primaria iníciase este curso coa área de libre configuración de robótica (ofertada no centro, co fin de mellorar a rama STEM, que en inglés significa "Science- ciencia", "Technology- tecnoloxía", "Engineering- enxeñaría" e "Maths- matemáticas").



lightbot™


O alumnado de 4º acude á aula de robótica, e o alumnado de 6º traballa cos seus propios ordenadores portátiles na aula.



A área divídese en varios bloques de contido, e, unha das máis importantes, é a programación, primeiro bloque da avaliación.



Foron resolvendo distintos retos ou desafíos con bloques: Con "A hora do código: Star Wars, As abellas, Angry Birds", co "Lightbot", e "Programación en Scratch co programa Mblock", programa co que seguirán a traballar cos robots.



Conexión con outras áreas...

As últimas semanas o alumnado traballou programando unha actividade do corpo humano, relacionando contidos de Ciencias da Natureza, avaliando un saos outros.





Os alumnos e alumnas opinan...

- ⇒ "Robótica parece interesante"- **Noel Pérez**
- ⇒ "Parece que robótica é moi divertida e encántame aprender así. É divertido programar, estar cos ordenadores, porque non temos outra área tan divertida"- **Saray**
- ⇒ "É entretido e divertido. Gustaríame aprender a montar os robots"- **Iván**
- ⇒ "A área de robótica parece moi interesante e divertida. Gústame porque programamos xogos graciosos e educativos. Tamén me gusta porque facemos grupos, e axúdanme cando non sei algo. Encantárame aprender a programar máis cousas e facer moitos xogos e retos"- **Adriana**
- ⇒ "Parece unha área moi interesante. Gústame porque facemos xogos moi interesantes. Gustaríame aprender a programar robots xigantes"- **Alejandro**
- ⇒ "Gústame moitísimo porque me encanta a tecnoloxía e é moi divertida. Gustaríame aprender a programar robots"- **Noa**
- ⇒ "A área de robótica gústame moito porque aprenderemos a mover robots e moitas cousas máis. Aprendemos moito, como por exemplo como sacar fotos cun robot feito a man"- **Adrián**
- ⇒ "Robótica parece moi divertida, interesante e gústame moito. Gustaríame aprender a programar máis cousas e aprender máis"- **Paula**
- ⇒ "Parece que está "súper chula". Gústame moito porque programamos xogos. Gustaríame aprender a programar robots"- **David**
- ⇒ "Parece moi guai porque facemos moitas cousas e porque andamos nos ordenadores. Gústame porque é divertido e creamos moitas cousas. Gustaríame programar robots"- **Noel Piñón**
- ⇒ **Sabela**
- ⇒ "Gústame moito porque aprendemos a programar cousas, gústame aprender a programar ordenadores"- **Martín**





- ⇒ “Paréceme un método moi bo de aprender a programar ronors. A min gustaríame aprender a programalos”- **Xoel**
- ⇒ “A min paréceme xenial a idea de robótica. Gústame porque sempre me gustou crear xogos no ordenador. Os xogos son moi bonitos e gústame os robot. O xogo que me parece máis interesante foi o de m-blocks porque as cousas que creamos son moi bonitas. Gustaríame facer robots e aprender a movelos. Tamén me gustaría aprender a crear máis xogos”- **Vania**
- ⇒ “Paréceme unha experiencia inesquecible, gústame moito porque traballamos no ordenador, e creamos xogos. Ademais creamos grupo porque nos sentamos uns con outros e nos axudamos entre tod@s. Gustaríame crear algún xogo que todo o mundo poida deleitalo e xogar con el. É unha magnífica clase dirixida por Fran”- **Pedro M.**
- ⇒ “Paréceme ben porque aprendemos a manexar o ordenador, aínda que hai materias que me gustan máis. Gústame máis ou menos, non me desgusta, porque o profesor nos manda facer cousas na pantalla e despois encólleas cun botón para que non copiemos. Gustaríame facer uns robots que se pelexen e canten o himno do Madrid, que bailen a conga e que, por suposto, teñan calculadora. Pero iso xa chegará”- **Pedro A.**
- ⇒ “Si, robótica gústame moito, o que facemos é moi divertido. Uns días facemos programación en Mblock e outras visitamos a páxina do colexio, é a área que máis me gusta con valores que ma da o mesmo profesor. Gustaríame facer xa robots, a tecnoloxía gústame moito”- **Cristina**
- ⇒ “Divertímonos moito porque traballamos cos ordenadores. Xogamos ao Tux Paint e coas aplicacións e tamén facemos debuxos nos ordenadores”- **Unai**
- ⇒ “Gústame porque paso moi ben, aprendemos a programar, a crear xogos e a traballar en equipo. Poderíamos programar roubos, facer carreiras, circuitos de obstáculos, crear o noso propio robot facendo o noso propio deseño”- **Marcos**
- ⇒ “Paréceme unha área estupenda, gústame como traballamos, digo traballamos porque o profe sempre din que non estamos xogando, estamos creando. Gústame porque practicamos, creamos, pensamos e por iso creamos un programa chamado mblock. Practicamos e pensamos con áreas como naturais. Encantaríame facer un montón de cousas , estaría xenial crear un robot, crear un xogo que todo o mundo o probara. Está ben todo o que aprendamos”- **Melisa**





- ⇒ "Robótica paréceme moi divertida, gústame moito porque facemos cousas extraordinarias e o que máis me gusta é traballar co Mblock no ordenador"- **Uxue**
- ⇒ "Robótica gústame moito porque utilizamos ordenadores e facemos robots que se moven e nos preguntan cousas. Agora estamos cun esqueleto ao que lle temos que poñer once botóns para que o esqueleto nos pregunte que óso é, nos escribimos a resposta. Se nos vai ben, el di "ben"; si nos vai mal, di, "mala sorte". Tamén me gustaría facer para usar e programar e ensinar aos nen@s de 3º a usar robots"- **Andrea**
- ⇒ "Robótica gústame moito porque alí aprendemos a usar o ordenador e Fran axúdanos. Podemos crear xogos"- **Andrés**
- ⇒ "Robótica mola moito, creamos xogos e Fran ensínanos cada día algo diferente. Está moi ben porque aprendemos cousas novas e paréceme moi interesante aprender. Gustaríame saber como facer robots"- **Nahia**
- ⇒ "Robótica é divertido, gústame andar co ordenador, programar e usar os demais programas"- **Alexandre**
- ⇒ Paréceme moi divertida, Francisco Javier fainos moitas bromas e explícanos moi ben, pero noutro sentido paréceme mal porque hai xente que non sabe como se gardan os traballos e temos que averiguar nós mesmos. Gustaríame facer máis programacións como as que estamos a facer, pero coas imaxes que queiramos, cos muñecos que nos gusten e, sobre todo, traballar con quen queiramos"- **Mara**
- ⇒ "A nosa experiencia en Robótica foi moi curta, non puidemos facer moitas cousas, estamos empezando a programar en M-Block.

O ano pasado, aprendimos moito na semana STEM, onde fixemos robots nunha semana.

Este ano empezamos cuns pequenos xogos de programación onde eramos un personaxe e tiñamos que chegar a un punto determinado programándoo con pequenos bloques que indican o que o personaxe tiña que facer.

Esperamos poder facer un robot, saber prográmalo e mandarlle executar acción"-




Alumnado de 4º e 6º de E.P.



Investigación: Os Celtas.

DE PARRANDA COS CELTAS

Os Celtas foron os poboadores de Galicia, e o suroeste de Europa antes da conquista romana, alá polo século II antes de Cristo, aproximadamente. En Galicia reciben o nome de Castrexos, porque vivían en Castros.



Na cultura celta, celébranse moitas festas ao longo do ano, falaremos das catro máis importantes: o *Imbolc* (Ou *Imbolg*), o *Beltaine*, o *Lughnasadh* (ou *Lama*), o *Samhain*

O *Imbolc* celébrase a principios de febreiro, era dedicada á deusa *Imbolc*, consagrábase os animais que sobrevivían ao paso do inverno.





O *Beltaine* celébrase a véspera do 1 de maio, dedicada a *Belenos* (o deus do lume). Acendíanse fogueiras para purificar os animais e a todo o pobo. Esta festa era moi importante para os Celtas, pola súa forte unión coa natureza.



O *Lughnasad* celébrase a mediados do mes de Xuño, dedícase a *Lug* en Irlanda, *Lugus* en Francia e *Llew* en Escocia. Era unha acción de grazas pola fertilidade dos animais e pola abundancia de comida.

O *Samaín* é a última e máis importante festa celta, celébrado a noite do 31 de outubro. Era o día de ano novo para os celtas, iso significaba que comezaba a estación escura (inverno).

Facían unha serie de rituais, como por exemplo: recollían as baías de acivro dos troncos de aciñgiras e carballos cunha fogueira de ouro, porque o consideraban un metal puro; amontoaba cavéiras dos seus mortos e pintábanas; estáballe permitido aos druídas beber viño e comer carne.

Esa noite, abríase unha porta entre o mundo dos vivos e o dos mortos; acendían fogueiras por todo o pobo para que os espíritos non se perderan.

Esta tradición tivo repercusión en EEUU. Foi levada alí polos emigrantes irlandeses; e os estadounidenses cambiaron o seu nome por *Halloween*.

Os nenos e nenas de 6º fixemos unha danza irlandesa chamada *Bonfire Dance*, que é tradición bailala en Irlanda o día do *Samaín* ao redor das fogueiras que facía a xente nos seus pobos.



CARIÑO, DECEMBRO 2018

Alumnas e alumnos de sexto.



Foi noticia: folga.



ESTAS SON AS RESPOSTAS DO ALUMNADO DE 5 ANOS ÁS PREGUNTAS:

POR QUE NON VIÑECHES Á ESCOLA?

SABELA: *Porque había folga.*

MERCEDES: *Porque había folga; so había 3 nenos.*

ALEJANDRA: *Porque non había cole.*

IKER: *Porque había folga.*

ÁFRICA: *Porque había folga.*

QUE É UNHA FOLGA?

MARCOS: *Non vimos a clase.*

ALEJANDRA: *Uns sitios non abren porque están pechados*

IKER: *As nais van a un sitio e fan unha folga e os nenos quedan no poli cos monitores.*

LUCÍA: *Porque algúns profes vanse ir porque algúns nenos non pronuncian ben as letras porque se hai que poñer unha C eles poñen unha S.*

SAMUEL: *Os papás vanse reunir e os fillos quedan cos irmáns.*

MARTÍN: *É para quedar na casa.*

FERNANDO: *Que os profesores, nais e pais traballan e os nenos teñen que quedar na casa cos avós padriños.*

MANUEL: *Cando os nenos quedan na casa e as mamás van ao cole a preguntar se os nenos se portan ben.*

ÁFRICA: *Os pais vanse traballar e os nenos quedan nunha excursión.*

MERCEDES: *Vanse as mamás e papás a traballar e os nenos quedan na casa cos seus avós.*

IKER: *Porque hai poucos profesores e os fillos van á folga.*

MARCOS: *É para traer mais profesores ao colexio.*

SABELA: *Nin os papás nin os fillos van aos seus traballos.*

ANDREA: *Cando os papás van traballar e os nenos quedan na casa.*

PABLO: *Teñen que traer mais profesores porque Carmen non pode con todos, Xian, Hugo, Aitana.*

ALEJANDRA: *Quedamos na casa*

Alumnas e alumnos de Infantil 5 anos.. 



O Samaín



Durante os días 29, 30 e 31 de outubro no centro vivimos uns días aterradores, pero cun cheiro especial a comidas terroríficamente saborosas. Nesta semana celebramos o **SAMAÍN**. Decoramos monstruosamente o centro e o martes 30 tivemos un concurso e degustación dunhas espeluznantes comidas que trouxeron os alumnos e alumnas. Tiñan unha presenza horripilante, pero estaban exquisitas.



Gañadora da comida
"máis monstruosa"



Gañador da comida
"máis terroríficamente saborosa"





Exaltación da mazá de Cariño

MAZÁS CON CARIÑO

O 7 e 8 de novembro o cole volveu a arrecender a mazá da nosa terra gracias a ANPA que nos trouxo unhas fermosas mazás o mércores e unha saborosísima torta de mazá o xoves.



Para conmemorar estes días o alumnado encheu de arte os corredores.





E na entrada do colexio luceu unha fermosa exposición de contos que nos prestou Multileo.



Equipo DLG



O Magosto

DIA DO XOGO TRADICIONAL E MAGOSTO

O 15 de novembro celebramos unha nova xornada de xogos tradicionais donde os nenos e nenas disfrutaron xogando a estes xogos típicos dos nosos antergos sen necesidade de intervencións tecnolóxicas, promovendo un xogo activo e participativo fronte ao sendeirismo corporal que están vivindo actualmente. Nas semanas anteriores aprenderon os xogos co mestre de educación física de primaria e a mestra de psicomotricidade de educación infantil que foron os encargados da organización e formación dos alumnos e alumnas de 6º que neste ocasión foron os dirixentes dos xogos.





A continuación, os nenos e nenas de 6º e a profe Fani bailáronnos unha Danza irlandesa típica para bailar polo samaín "bonfire dance"



Mentres estábamos disfrutando cos xogos Tono e Martín asaban as castañas que gustosamente merendamos a continuación.



MOITAS GRAZAS UN MAGOSTO MÁIS!!!!!!



Para ver máis fotos do que disfrutaron os rapaces e rapazas visita a galería da páxina web do colexio

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/galeria/index.php?cat=36>

Equipo DLG



Resumo de actividades.


EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A función do equipo ACE é dinamizar a actividade diaria do alumnado, complementando, a actividade propiamente curricular, con outra serie de contidos susceptibles de seren traballados polo alumnado, como son o respecto, a tolerancia, a educación para a saúde, a igualdade de oportunidades... e un longo etcétera de educación en valores, tan necesarios no noso día a día.

Deste xeito, durante este primeiro trimestre de curso, leváronse a cabo diferentes iniciativas, como obradoiros, conmemoracións de datas sinaladas, excursións... nas que o alumnado participou activamente e nas que aprenderon un montón de cousas!

- ◆ Obradoiros de habilidades sociais para os grupos de 5º e 6º de Primaria
 - Traballáronse conceptos como o autocontrol, a autoestima, a resiliencia, a empatía, o traballo en equipo... a través de diferentes dinámicas e xogos.
 - Levouse a cabo en dous días durante dúas sesións de traballo cada día.
- ◆ Charla sobre a diabetes para o grupo de 3º de Primaria: temos nesta aula un neno con diabetes, polo que nos pareceu tremendamente necesario que os seus compañeiros coñecesen en que consiste, os síntomas que pode ter se ten unha baixada ou unha subida de azúcar, como debemos actuar ante cada caso...

- ◆ Xogos tradicionais no Magosto: O día 15 de novembro fixemos unha actividade de lembranza do xogo tradicional . Xogamos ao brilé, ao xogo da rá, aos birlos, ao sogá-tira, tiñamos zancos, gomas, cordas, trompos, pelotas... Os nenos pasárono en grande!





- ◆ **DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:** participamos, en colaboración co Concello de Cariño nas actividades propostas para o 25 de novembro, día contra a Violencia de Xénero. O alumnado de Educación Infantil pintou unha pancarta para levar á andaina e o alumnado de Primaria elaborou un Manifesto, aquí veredes que bonito quedou! Non puidemos asistir ao acto no Concello por culpa da chuvia, pero xuntámonos todos no salón de actos para dicir: **NÓN Á VIOLENCIA!**



MANIFESTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

COLEXIO DE CARIÑO

NOVEMBERO 2018

Os nenos e nenas de primeiro non queremos quedarnos sen nais e sen pais a causa da violencia porque nos teñen que coidar e alimentar para medrar nun mundo xenial.

Os malos tratos rompen o corazón e destrozan a vida. non hai que pegarlles nunca ás mulleres, ademais usa palabras bonitas, non as insultes. O amor non pega: o amor vaixe e chega outro amor. Se non te tratan ben, denuncia. non hai que tratar mal a ninguén.
Os alumnos e alumnas de 2ºA

Os nenos e nenas de 3º de primaria do colexio de cariño, queremos dar un berro pola liberdade e rexeitar a berros todas as mostras de violencia e de control. queremos familias enteiras en paz!

As mulleres non somos escravos de ninguén, somos libres, podemos facer o que queiramos, podemos decidir nós mesmas. defendámonos entre todas e todos dos agresores. con golpes, ameazas, insultos, perdemos a dignidade, o respecto e debíamos de ser persoas. Non o permitamos, as mulleres somos increíbles e pedimos ser valoradas. Non á violencia de xénero!
Os alumnos e alumnas de 4ºA

Os nenos e nenas de 4ºB do colexio de cariño comprometémonos a loitar contra a violencia de xénero do seguinte texto:

- respectando a todos e todas, sean homes ou mulleres
- considerando que todos somos iguais, respectando as opinións dos outros
- xogando xuntos en equipo e en consenso
- axudando á nosa familia nas tarefas domésticas
- resolvendo os conflitos sen violencia
- sendo libres en acción e opinións

- Temos que pensar no presente e non no pasado
- O mundo sen violencia sería moito mellor
- Non podemos permitir a violencia de xénero.

- Queremos defender os dereitos da muller para que todos seamos iguais. E que os homes non traten ás mulleres como obxectos o que se crean máis fortes e melloras

- A violencia machista trázase de que un neno insulta ou pega ou inversa. Pero non 99,999 e de menor contra menor. Porque o neno cree que é un obxecto da súa propiedade

- A paridade é unha frase importante e para as mulleres e os homes

- As mulleres teñen que cobrar o mesmo que os homes

- Teñamos máis en conta a violencia de xénero. As mulleres mandan na súa vida.

Os alumnos e alumnas de 5ºA

Todos somos iguais, as mulleres, os homes, os nenos, as nenas... temos dereito a facer o que queiramos, sen ser controladas.

As mulleres temos dereito a ter un traballo, a cobrar o mesmo que os homes, temos dereito a saír coas amigas e cos amigos sen que ninguén nos pida explicacións.

Os nenos e nenas de 6º estamos en contra da violencia de xénero porque ninguén se merece ningún tipo de violencia, nin física, nin verbal, nin escrita, nin psicolóxica.

Se coñeces a algún caso de violencia de xénero, denuncia! Chama ao 016.

Os alumnos e alumnas de 6ºA






DEREITOS DA INFANCIA: con motivo desta conmemoración, o día 20 de novembro, elaboramos unha exposición de fotos que invitaban á reflexión, comparando a situación de nenos e nenas do noso colexio en situacións cotiás (na clase, no patio, xogando cos compañeiros...) con nenos e nenas privados dos seus dereitos, traballando, en situación de pobreza extrema... podeades ver algún exemplo nas seguintes fotografías.




Temos dereitos!

Equipo ACE




Biblioteca

Bibliotecas
escolares
de Galicia



BIBLIOTECA

No primeiro trimestre do curso o equipo de biblioteca programou actividades para **fomentar a lectura e o uso da biblioteca por parte da comunidade escolar.**

Aproveitamos todas as celebracións e conmemoracións para propoñer novas actividades.

Día das Bibliotecas Escolares.

OS AMIGOS DE LER. Para isto contamos coa colaboración do grupo de alumnos de 6º de Educación Primaria, coma outros anos, para acompañar aos novos alumnos de E.I. Subiron con eles á biblioteca, amosáronlla e léronlles contos, ademais de entregarlles os carnés da biblioteca.





Fixemos tamén unha 'ESCALEIRA LITERARIA', na que colaborou todo cole.



En colaboración ca Biblioteca Municipal os alumnos do centro participaron no concurso de marcapáxinas conmemorativos. Aquí tedes os catro gañadores. Dámoslle as grazas o os responsables da Biblioteca municipal.

Este curso continuamos cas MOCHILAS VIAXEIRAS. Nas que participan os alumnos de E.I. e 1º e 2º de E.P. Así como a MALETA VIAXEIRA que comezou a súa andadura en 4º B de Educación Primaria para continuar ao longo do curso polos seguintes niveis.

Colaboramos coa ANPA na exaltación da mazá de cariño, "MAZÁS CON CARIÑO", con unha exposición de libros relacionados ca mazá.



Se queres divertirte e aprender, tes que poñerte e a ler

Equipo de biblioteca



Saídas: piragüismo e vela en Cedeira

26 de novembro de 2018

Chegamos ao colexio e estabamos moi impacientes porque chegara o autobús, para poñer rumbo a Cedeira. Saímos do colexio ás 9:30 da mañá; xa sabíamos que íamos a pasar un día moi divertido.

Cando chegamos, separámonos en grupos de nenas e nenos para poder utilizar os únicos vestiarios que había, e así poñer a roupa que nos mandaran levar.: chubasqueiro, mallas, camisetas e sudaderas, incluso algún que tiña neopreno. Ao saír puxéronnos un chaleco salvavidas a cada un de nós.

Unha vez cambiados, explicáronnos nunha pizarra como se manexan os barcos de vela, e a importancia de saber de donde ven o vento.

Nos dividimos en dous grupos, uns fóronse para o kaiak e outros a facer vela. Aos que íamos no kaiak tocounos en parellas, e os de vela ían en grupos de 5 ou 6. Xa estabamos no mar!!!

No kaiak fixemos varios percorridos. Primeiro moi preto do peirao, para logo irnos alonxando buscando obxetivos que nos marcaba o monitor: unha boia branca, un barco laranxa,... ata fumos onde os nosos compañeiros que ían nos barcos a vela.



A continuación cambiámonos, e pasamos a subir nos barcos. O monitor ensinouos a manexar a velas e o timón, para pasar a ser nós mesmos o que os manexaban. A pena foi que os que subiron na segunda quenda, quedáronse sen vento e pouco puideron navegar.

Cando rematou a actividade, axudámoslles aos monitores a recoller a velas, mentres as rapazas se cambiaban. Unha vez cambiados todos, merendamos aproveitando que saíran unhas raiolas de sol.

Xa no camiño de volta viñemos cantando e contando as anécdotas de todo o día.

A verdade e que o pasamos xenial!!!

Actividade organizada e subvencionada por




Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
A Mariña-Ortega

Alumnado de 5ºA



O ESPIGONCIÑO





PKER E.1.5